



Concello de Baleira

MARÍA ESPERANZA GARMENDIA NÚÑEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BALEIRA, LUGO

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira, Lugo, na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do dezanove de agosto do dous mil vinteseis, adoptou , co voto favorable dos catro membros que a integran, o acordo que de seguido se transcribe :

“4.- SUBVENCÍONS NOMINATIVAS 2026.

► Por Secretaría-Intervención dáselle lectura á seguinte **proposta** de Alcaldía incorporada ó expediente da sesión:

“Nº de expediente: 201/2026

PROPOSTA DE ALCALDÍA.

Vistas as seguintes subvencións nominativas establecidas por acordo plenario de data 03 de xuño do 2026 do Concello de Baleira para o exercicio de 2026:

- - Asociación de mulleres rurais costureiras Terras do Eo: 1.000 euros, para a realización de actividades culturais.
- - A favor da “Asociación Comisión de Festas de Baleira”: 8.000 euros, para a celebración das festas patronais de Baleira 2026.
- - A favor da “Asociación de pensionistas e xubilados de Baleira”: 1.800 euros, para a realización de viaxes e actividades culturais ó longo do exercicio 2026.
- - A favor de “C.E.I.P. de Cádavo”: 1.300 euros, para a realización de viaxes culturais realizados co alumnado polo CEIP plurilingüe Concepción López Rey durante o 2026.
- - A favor da Asociación cultural Camiño Primitivo: 1.000 euros para a realización de actividades culturais.

Estas subvencións nominativas caracterízanse pola súa singularidade, outorgándose de forma nominativa polo carácter social, cultural e de interese público, tratándose de entes que realizan actividades de dinamización cultural ou para cubrir as necesidades conciliadoras das familias e as lúdico/educativas dos nenos e nenas e dos maiores de Baleira, sectores sociais de especial protección





Concello de Baleira

ou que promoven un mellor uso do tempo libre así como a formación e cultura de ditos colectivos. Por estas razóns resulta complicada a súa convocatoria pública xa que o que realmente se subvenciona é a labor de formación e ocupación do tempo libre da poboación en xeral e de colectivos como pensionistas e nenos deste municipio , de elo a súa singularidade.

- O réxime xurídico aplicable ó procedemento de concesión e réxime de xustificación destas subvencións nominativas será o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e normativa de desenvolvemento.

3º.- O órgano competente para concesión de subvencións é a Xunta de Goberno Local.

Á vista de canto antecede e a documentación presentada polas distintas entidades beneficiarias esta Alcaldía, propónlle á Xunta de Goberno Local do concello de Baleira, a adopción do seguinte acordo:

1º.- **Conceder** as subvencións nominativas establecidas no acordo plenario de data 03 de xuño do 2026 ás entidades que de seguido se indican para a finalidade que se detalla:

- Asociación de mulleres rurais costureiras Terras do Eo: 1.000 euros, para a formación en oficios tradicionais da muller rural.
- A favor da “Asociación Comisión de Festas de Baleira”: 8.000 euros, para a celebración das festas patronais de Baleira 2026.
- A favor da “Asociación de pensionistas e xubilados de Baleira”: 1.800 euros, para a realización de viaxes culturais a Ribadavia e Ourense, Viveiro e ó Santuario da Virxe do Faro.
- A favor de “C.E.I.P. de Cádavo”: 1.300 euros, para a realización de viaxes culturais realizados co alumnado polo CEIP plurilingüe Concepción López Rey durante o 2026.
- A favor da Asociación cultural Camiño Primitivo: 1.000 euros para a II Festa-Foliada do Emigrante.

2º.- As obrigas xerais dos beneficiarios serán as contidas no Convenio que se firmará con cada entidades :

1.-Realizar a actividade e cumprir a finalidade que determina a concesión.

2.- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento das actividades, xa sexa voluntario ou contratado, ocupándose neste último caso das obrigas que conleva.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen.

4.- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar ó proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizada previamente.

5.- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada polo Concello de Baleira, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa,

6.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente





Concello de Baleira

auditados nos termos esixidos pola lexislación sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Comunicar ao Concello de Baleira a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8.-Todas as contempladas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Bases de Execución do Orzamento do concello de Baleira.

9.-Presentar **ANTES DO 01 DE DECEMBRO DO 2026** a conta xustificativa da subvención nos termos da resolución de outorgamento:

3º- A subvención e o seu libramento quedan condicionados á previa presentación da **CONTA XUSTIFICATIVA** en calquera momento anterior á data límite 01 DE DECEMBRO DO 2026 .A conta xustificativa haberá de presentarse nos modelos facilitados polo Concello que se xuntan á presente resolución como anexo , a saber:

A1. Instancia.

A2. Declaración responsable de inexistencia de prohibicións para ser perceptor de subvencións de acordo coa lexislación vixente.

A3.Memoria da actuación desenvolvida debidamente asinada **polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade**.Nelaxustificarase a realización da actividade que fundamentou o outorgamento da subvención e declararase o cumprimento das condicións impostas na concesión da mesma así como tamén o réxime xurídico aplicable contido na Lei Xeral de Subvencións, Lei 38/2003, de 17 de novembro, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, demais disposicións sobre a materia e o contido nas Bases de Execución do Orzamento. Nesta memoria indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos.

A4.Memoria económica xustificativa debidamente asinada polo **polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade**.Esta conteráa **relación clasificada de tódolos ingresos** e subvencións que teñan financiado a actividades subvencionada ou que se teñan solicitado dos gastos **subvencionables** da actividade, con identificación do acredor e da factura e importes con e sen IVE.

Asimesmo, xunto cos modelos antes sinalados, deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da representación da Asociación.
- Certificación bancaria da conta na cal se procederá o ingreso da axuda





Concello de Baleira

económica.

- Certificacións de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria do Estado, coa Comunidade Autónoma (Consellería de Economía e Facenda) e co Concello de Baleira, esta última expedida pola Tesourería.”
- Documentación acreditativa das facturas referidas no ANEXO A4 con xustificante de pago, correspondéndose todas elas co ano de outorgamento da subvención.

A non presentación da documentación requirida dará lugar a perda da subvención.

Únense como anexos ó presente acordo os modelos a presentar para a xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e modelo de Convenio a asinar.

Baleira, agosto do 2026. O Alcalde, Asdo. Angel Enrique Martinez-Puga López. “

ANEXO (MODELOS A PRESENTAR PARA XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN CONCEDIDA E CONVENIO A FORMALIZAR CO CONCELLO).

A1. Instancia

D/D^a.....titular con NIF
....., en representación da entidade beneficiaria
....., con NIF, pola presente
achego ó Concello a presente conta xustificativa, que se acompaña dos seguintes documentos (marcar obrigatoriamente todas as casillas):

Documento A2. Declaración responsable da inexistencia de prohibicións para ser perceptor de subvencións de acordo coa lexislación vixente.

Documento A3. Memoria da actuación desenvolvida debidamente asinada polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade.

Documento A4. Memoria económica xustificativa debidamente asinada polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade.

Documentación acreditativa da representación da Asociación.

Certificación bancaria da conta na cal se procederá ao ingreso da axuda económica.

Certificacións de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria do Estado , coa Comunidade Autónoma (Consellería de Economía e Facenda) e co Concello de Baleira (ésta última expedida pola Tesourería).

Documentación acreditativa das facturas referidas no ANEXO A4 con xustificante de pago, correspondéndose todas elas co ano de outorgamento da subvención.





Concello de Baleira

Baleira a.....dedo

Asdo:.....

A2. Declaración responsable de inexistencia de prohibicións para ser perceptor de subvencións dacordo coa lexislación vixente.

D/D^a.....titular DO NIF
....., en representación da entidade beneficiaria
....., con NIF, pola presente
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, en relación coa subvención concedida polo
Concello de Baleira para a actividade..... segundo
acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data e
Convenio asinado co Concello de Baleira de data

Que nin eu, nin a Asociación que represento , nos atopamos incursos en ningunha das prohibicións
para ser perceptor de subvencións dispostas na lexislación vixente.

Baleira a.....dedo

Asdo:.....

A3. Memoria da actuación desenvolvida debidamente asinada polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade.

D/D^a.....titular do NIF
....., en representación da entidade beneficiaria
....., con NIF, pola presente
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, en relación coa subvención concedida polo
Concello de Baleira para a actividade.....

..... segundo acordo adoptado pola Xunta
de Goberno Local na sesión de data e Convenio asinado co Concello de
Baleira de data

Que a Entidade que represento desenvolveu, con cumprimento das condicións impostas na resolución
de outorgamento da subvención concedida para as actuacións anteriormente indicadas, e co
cumprimento do réxime xurídico aplicable e contido na lexislación aplicable segundo Convenio
asinado co Concello, as actuacións subvencionadas segundo o seguinte detalle:





Concello de Baleira

1. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

2. DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS (lugares, datas, detalle das actuacións subvencionadas) :

3. DESTINATARIOS:

4. OBTETIVOS (En xeral: fomento do asociacionismo e realización de actividades populares, culturais, de fomento de actividades deportivas ou de interese deportivo, estilos de vida saudable, desenvolvemento local no Concello de Baleira, como medio para fixar a poboación asegurando un nivel óptimo da calidade de vida nun sentido amplo)

5. RESULTADOS OBTIDOS:

Baleira a.....dedo

Asdo:.....

A4. Memoria económica xustificativa debidamente asinada polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade.

D/D^a.....titular do NIF
....., en representación da entidade beneficiaria
....., con NIF, pola presente
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE, en relación coa subvención concedida polo
Concello de Baleira para a actividade..... segundo acordo adoptado pola Xunta de
Goberno Local na sesión de data e Convenio asinado co Concello de
Baleira de data

Que a Entidade que represento cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización das actividades para as que foi concedida anteriormente reflexados.

Que a entidade que represento cumpriu as obrigas de difusión de carácter público da financiación da actividade subvencionada por parte do Concello de Baleira.

Que a relación **clasificada de tódolos ingresos** e subvencións que financiaron a actividade subvencionada ou que se solicitaron para a súa financiación, e dos **gastos** subvencionables da actividade, con identificación do acredor e da factura e importes con e sen IVE, son os que se indican a continuación:





Concello de Baleira

GASTOS (marcar expresamente as casillas que correspondan:

Declaro que o custe total da actividade subvencionada que foi efectivamente realizada con cumprimento das condicións para as que se concedeu a subvención acadou o importe total de de acordo co seguinte desglose:

N.º FACTURA	ACREDOR	IMPORTE		
		BASE	IVE	TOTAL
TOTAL				

Declaro que todos os gastos anteriormente determinados son gastos subvencionables por canto responden á natureza da actividade subvencionada e resultan estritamente necesarios para a súa execución, axustándose todos eles a prezos de mercado e **non incluíndose como tales gastos en comestibles, bebidas e comidas en xeral.**

Declaro que a entidade que represento está asumindo o custo do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

INGRESOS (marcar expresamente as casillas que correspondan):

Declaro que os **ingresos e subvenciones totais recibidos ou solicitados para financiar a mesma actividade**, distintos/as da subvención concedida polo Concello de Baleira, acadan o importe total deco seguinte desglose:

PERSONA FÍSICA OU XURÍDICA

CONCEPTO

IMPORTE





Concello de Baleira

TOTAL:

Declaro que este conxunto de ingresos , XUNTO COA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLO CONCELLO DE BALEIRA NON superan o 100% do custe da actividade subvencionada.

□
c

Declaro que non se obtivo nin solicitou ningunha outra subvención doutra Administración Pública nin ningún outro ingreso doutro tipo para os mesmo fins que os da subvención concedida polo Concello.

Baleira a.....dedo

Asdo:.....

Expediente n.º: 201/2026

Procedemento: Concesión de Subvencións.Subvencións Directas ou Nominativas.

Asunto:

Beneficiario:

Obxecto:

Contía:

CONVENIO DE COLABORACIÓN. CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA.

En Baleira,na data da sinatura electrónica.





Concello de Baleira

Dunha parte ,D.Angel Enrique Martinez-Puga López,Alcalde do Concello de Baleira.

Doutra, D./D^a. titular do NIF; en representación
da entidade beneficiaria con NIF;

Ambas partes se reconecen mutua e recíprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto e libremente:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que os efectos que o Concello de Baleira pretende conseguir coa concesión das subvencións previstas no orzamento son as de fomento do asociacionismo e realización de actividades populares, culturais, de fomento de actividades deportivas ou de interese deportivo, de fomento de estilos de vida saudables, desenvolvemento local, turismo, festexos, educación, xuventude, medio ambiente, participación veciñal, cooperación, consumo, servizos sociais, etc., polos veciños do Concello de Baleira, así como outras actividades que sexan complementarias da actividade municipal e susceptibles de subvencionarse por dirixirse a un colectivo de poboación determinado así como aquelas actividades de utilidade pública, interese social ou de promoción dunha finalidade pública que así sexan consideradas polo Concello de Baleira, todo elo como medio para fixar a poboaciónasegurandoun nivel óptimo de calidade de vida nun sentido amplo.

Para acadar estes obxectivos,concedeuse unha subvenciónnominativaá entidade ao abeiro acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Baleira de data.....

SEGUNDO.Que se trata dunha subvención que ten por obxecto o que a continuación se sinala :

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	BENEFICIARIO	CONTIA	OBXECTO

TERCEIRO. Que tanto o Concello de Baleira como a entidade beneficiaria teñen obxectivos comúns e polo tanto cómpre unha colaboración estreita que permita desenvolver as actividades dispostas.

En virtude do exposto, as partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboraciónde





Concello de Baleira

conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Que a subvención concedida acadará o importe máximo de euros, ten carácter discrecional e o seu outorgamento ven condicionado á sinatura do presente Convenio.

SEGUNDA. As subvencións outorgadas polo Concello de Baleira, serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, se ben o importe das subvencións en ningún caso poderán ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custoda actividade subvencionada.

TERCEIRA. O beneficiario da subvención COMPROMÉTESE a:

1.- Realizar a actividade e cumprir a finalidade que determina a concesión.

2.- Proporcionar o persoal necesario para o normal funcionamento das actividades, xa sexa voluntario ou contratado, ocupándose neste último caso das obrigas que conleva.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e organización que os órganos competentes do Concello realicen.

4.- Notificar ao Concello calquera modificación que se pretenda realizar ó proxecto inicialmente presentado, que deberá ser autorizada previamente.

5.- Facer constar de forma clara que a actividade está subvencionada polo Concello de Baleira, nos exemplares dos programas, carteis, convocatorias de actividades e en toda a información gráfica, escrita e sonora que se realice con motivo do programa,

6.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Comunicar ao Concello de Baleira a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

8.- Todas as contempladas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e Bases de Execución do Orzamento do concello de Baleira.





Concello de Baleira

9.-Presentar **ANTES DO 01 DE DECEMBRO DO 2026** a conta xustificativa da **subvención** nos termos da resolución de outorgamento:

- A subvención e o seu libramento quedan condicionados á previa presentación da **CONTA XUSTIFICATIVA** en calquera momento anterior á data límite 01 DE DECEMBRO DO 2026 . A conta xustificativa haberá de presentarse nos modelos facilitados polo Concello que se xuntan á presente resolución, a saber:

- **A1. Instancia.**
- **A2. Declaración responsable** de inexistencia de prohibicións para ser perceptor de subvencións de acordo coa lexislación vixente.
- **A3. Memoria da actuación desenvolvida** debidamente asinada **polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade**. Nela xustificarse a realización da actividade que fundamentou o outorgamento da subvención e declararse o cumprimento das condicións impostas na concesión da mesma así como tamén o réxime xurídico aplicable contido na Lei Xeral de Subvencións, Lei 38/2003, de 17 de novembro, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, demais disposicións sobre a materia e o contido nas Bases de Execución do Orzamento. Nesta memoria indicaranse as actividades realizadas os resultados obtidos.
- **A4. Memoria económica xustificativa** debidamente asinada polo **polo representante da entidade e baixo a súa responsabilidade**. Esta conteráa **relación clasificada de tódolos ingresos** de subvencións que teñan financiado a actividade subvencionada ou que se teñan solicitados e dos gastos **subvencionables** da actividade, con identificación do acredor e da factura e importes con e sen IVE.

No referente aos ingresos, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

No referente aos gastos, deberá xustificarse expresamente a relación dos gastos subvencionables presentados coa actividade desenvolvida.

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e resulten estritamente necesarios. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ó valor de mercado. En ningún caso serán subvencionables gastos en comestibles, bebidas ou comidas en xeral, gastos de inversión, impostos deducibles, gastos que se correspondan a materiais de uso persoal.

Asimesmo, xunto cos modelos antes sinalados, deberá xuntarse a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da representación da Asociación.





Concello de Baleira

- Certificación bancaria da conta , a nome da entidade beneficiaria , na cal se procederá o ingreso da axuda económica.
- Certificacións de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria do Estado, coa Comunidade Autónoma (Consellería de Economía e Facenda) e co Concello de Baleira, esta última expedida pola Tesourería.”
- Documentación acreditativa das facturas referidas no ANEXO A4 con xustificantede pago,correspondéndose todas elas co ano de outorgamento da subvención.

-Material publicitario no que conste que a actuación foi subvencionada polo Concello de Baleira .

O concello de Baleira poderá esixir calquera outra documentación que considere necesaria para a xustificación da finalidade e custo da actividade subvencionada.

10.-Reintegrar os fondos no suposto de incumprimento dos requisitos e obrigas establecidas para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados na normativavixente.

11.- Aqueloutros compromisos que se deriven tanto da Resolución de concesión comodasbasesdeexecucióndoorzamento.

CUARTA.O Concello comprométese a:

1.- Aportar a cantidade económica de ata euros á entidade beneficiaria previa xustificación da mesma nos termos da resolución de outorgamento e do presente convenio.

2.- Supervisar, nos termos recollidos na lexislación aplicable en materia de subvencións e o presente convenio o cumprimento das obrigas do beneficiario.

QUINTA.No non previsto neste Convenio estarase ao disposto en:

- Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. (LXS)
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.(LSG)
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Bases de Execución do Orzamento aprobado anualmente.





Concello de Baleira

SEXTA- Duración do Convenio.

O presente convenio de colaboración terá unha vixencia ata o día 31/12/2026.

Non existe por parte do Concello ningún tipo de compromiso para prorrogar o presente convenio, requiríndose de forma expresa a firma dun novo convenio para realizarse sucesivas colaboracións.

SÉTIMA.- Control financeiro.

O control financeiro da subvención exercerase pola Intervención municipal e poderá consistir no exame dos rexistros contables, contas ou estados financeiros e a documentación que os soporte, como calquera outra actuación necesaria para o seu correcto outorgamento. A entidade beneficiaria está obrigada a prestar colaboración e facilitar tanta documentación sexa requirida no exercicio destas funcións de control. A negativa fronte ao requirimento do Departamento de Intervención á presentación da documentación xustificativa da subvención, producirá o reintegro da subvención ou a perda da concesión da mesma.

OITAVA - Extinción anticipada e xurisdición

Á parte do cumprimento do seu obxecto e das obrigacións de cada unha das partes, serán causas de extinción:

- Resolución por incumprimento dos compromisos por calquera das partes.
- Mutuo acordo entre as partes asinantes.
- Falta de presentación da documentación xustificativa dentro do prazo requirido.

NOVENA - Publicidade da subvención concedida.

A efectos do establecido nos artigos 18 e 20 da Lei Xeral de subvencións, remitirase á Base de datos nacional de Subvencións a información relativa á subvención concedida e instrumentada a través do presente Convenio de Colaboración, así como o pago único e, no seu caso, a devolución, reintegro, sanción, e inhabilitación.

DÉCIMA .- Incumprimento, reintegros e sancións.

O incumprimento das obrigas contidas neste convenio, ou demais normativa aplicable, así como das condicións que, no seu caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os intereses de demora correspondentes. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, e na súa normativa de desenvolvemento.

Á entidade beneficiaria das subvencións regulada neste convenio seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións prevista na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de





Concello de Baleira

subvencións, e na súa normativa de desenvolvemento.

No suposto de concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que superen o custo da actividade subvencionada, procederase a declarar a perda do dereito á subvención no importe en que se cuantifique o exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO PRIMEIRA .- Responsabilidade.

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria.

A actuación do Concello de Baleira quedará limitada o seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

DÉCIMO SEGUNDA .- Carácter do convenio.

Este convenio ten carácter administrativo, de acordo co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas nel, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e o seu regulamento; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Gobierno Local, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución e nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa. Para ese efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

Para que así conste e en proba de conformidade, asinan o presente Convenio o representante da entidade e o Concello de Baleira, agosto do 2026

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO ALCALDE E REPRESENTANTE DO/A BENEFICIARIO/A.”

Dáse conta de que unha vez convocada a Xunta de Gobierno Local a Anpa presentou escrito solicitando se destine a subvención nominativa referida no acordo plenario de 03 de xuño do 2026 polo importe de 1.300,00 euros a viaxe de fin de curso 2026 a Asturias (Rexistro de Entrada 283, do 18/08/2026).

► De seguido sométese a **votación** a proposta de Alcaldía , anteriormente transcrita, resultando





Concello de Baleira

aprobada ,en votación ordinaria , por unanimidade, co voto a favor dos catro membros integrantes da Xunta de Goberno Local, coa seguinte modificación:

Á proposta de Alcaldía engádese a seguinte subvención nominativa:

- A favor da ANPA : 1.300 euros, para a realización de viaxe fin de curso 2026 a Asturias coas mesmas condicións que as demais subvencións nominativas concedidas..”

E para que conste asino a presente, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sesión na que se adoptou o acordo anteriormente transcrito en Baleira, agosto do dous mil vinteseis.

O Alcalde

A Secretaria-Interventora

O.Vº e Pr.

Asdo.: Ángel Enrique Martínez- Puga López

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE.

